

## ACTA

En Arzúa, a 23 de xuño de 2017.

Sendo as 10.20 horas, reúnen na aula n.º 3 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **técnico en turismo**, na modalidade de funcionario interino, para desenvolver o programa local de mellora e mantemento, atención e información ao peregrino e promoción do Camiño Francés, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de trinta e sete horas semanais, durante un período de tempo de catro meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 5 de maio de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D. Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal do concello de Arzúa).

- Vogais:

- D<sup>a</sup>. María José Diz Alvarez (*profesora de francés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).

- D<sup>a</sup>. Ana Vallo Camba (*axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).

- D. Joaquín Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do concello de Melide*)

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actua con voz pero sen voto

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- , o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Para o cal, elaboráronse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos tres folios que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos seis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos dezasete que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o presidente da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, será de corenta e cinco minutos, desde as 10.35 horas ata as 11.20 horas.

Dándose a circunstancia de que os seis aspirantes remataron os seis exercicios antes da hora límite fixada para iso. (O último ás 10.55 horas).

Polo que desde as 11.00 horas ata as 11.20 horas se levou a cabo a corrección dos exercicios realizados polos seis aspirantes presentados.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1. Cal dos seguintes dereitos non reconece a Constitución?:
  - A) Dereito á libre elección de profesión ou oficio.
  - B) Dereito á promoción a través do traballo.
  - C) Dereito á formación no traballo.
  - D) Dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as necesidades propias e da familia
  
2. A Xunta de Goberno Local existirá nos municipios de poboación menos de 5.000 habitantes:
  - A) Cando así o decida o alcalde.
  - B) Cando o acordo o Pleno do Concello
  - C) Cando o decidan os representantes dos grupos políticos que forman parte da Corporación Local.
  - D) Cando o solicite un terzo do número de membros da Corporación Local.
  
3. Un produto turístico conta coas seguintes sinais de identidade:
  - A) Intanxibilidade e caducidade.
  - B) Caducidade e inseparabilidade
  - C) A e B son correctas
  - D) A e B son incorrectas.
  
4. En que parroquia do Concello de Arzúa se sitúa o antigo hospital para peregrinos reconvertido hoxe en albergue público?
  - A) Boente.
  - B) Castañeda
  - C) Rendal
  - D) Bures
  
5. Que orde relixiosa fundou no século XIV o convento da Magdalena, sito no Camiño Francés ao seu paso por Arzúa?
  - A) Benedictinos
  - B) Xesuítas
  - C) Agustinos
  - D) Franciscanos
  
6. Un sector da poboación que non viaxa a un lugar determinado por algún motivo; pero que si dito motivo desaparece ou cambia, sería posible que viaxara; constitúe un tipo de demanda...
  - A) Non efectiva
  - B) Real
  - C) Potencial
  - D) Diferida
  
7. A negociación colectiva laboral é:
  - A) Un deber
  - B) Unha liberdade fundamental.
  - C) Un dereito.
  - D) Un dereito fundamental.

8. Os membros da Xunta de Goberno son nomeados por:

- A) O Pleno
- B) O Alcalde
- C) A Comisión de contas
- D) Os veciños

9. O Concello de Arzúa conta con:

- A) 20 parroquias
- B) 21 parroquias
- C) 22 parroquias
- D) 23 parroquias

10. O Camiño Francés pasa polas parroquias de:

- A) Boente, Pantiñobre, Bures.
- B) Castañeda, Rendal, Arzúa
- C) Catañeda, A Mella, Arzúa
- D) Boente, A Mella Castañeda.

11. Os poderes públicos garantizan o dereito de todos á educación:

- A) Coa creación de centros docentes.
- B) Coa participación efectiva de tódolos sectores afectados.
- C) Mediante unha programación xeral do ensino.
- D) Todas son correctas.

12. Non é un elemento do municipio:

- A) O territorio
- B) A poboación.
- C) A organización
- D) O concello

13. A Capela da Mota atópase na parroquia de:

- A) Castañeda
- B) Rendal
- C) San Martiño de Calvos
- D) San Estevo do Campo

14. O Camiño de Santiago foi declarado “Patrimonio Mundial Cultural e Nacional” pola UNESCO no ano:

- A) No 1987
- B) No 1990
- C) No 1993
- D) No 2004

15. A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia está estruturada en:

- A) Título preliminar, 7 títulos
- B) Título preliminar, 8 títulos
- C) Título preliminar, 9 títulos
- D) Título preliminar, 10 títulos

16. A calidade na atención sería...

- A) Un compoñente tanxible dun produto turístico
- B) Un compoñente intanxible dun produto turístico.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son incorrectas

17. Para conseguir a Compostelana débese...

- A) Percorrer polo menos os últimos 50 km a pé ou a cabalo.
- B) Percorrer polo menos os últimos 50 km a pé
- C) Percorrer polo menos os últimos 100 km a pé ou a cabalo
- D) Percorrer polo menos os último 100 km a pé.

18. Os tres piares básicos do turismo sustentábel son:

- A) A economía, o turismo, a sociedade
- B) A economía, o ecosistema, a sociedade.
- C) A sociedade, o turismo o ecosistema
- D) A economía, o turismo, o ecosistema

19. Algúns dos principais conflitos ambientais do turismo teñen que ver con:

- A) A enerxía
- B) A auga e os incendios.
- C) Os residuos e o ruído
- D) Todas son válidas.

20. Cales das seguintes son algunhas das principais ameazas do turismo cultural:

- A) Xentrificación, mercantilización, perda da identidade
- B) “City breaks”, mercantilización, perda de identidade.
- C) Perda da identidade, sobreoferta cultural, edutenemento
- D) Sobreoferta cultura, descoordinación, interactividade.

21. En que rúa se atopa o Albergue Público de Arzúa?

- A) Rúa de Lugo
- B) Rúa Santiago
- C) Rúa das Dores
- D) Cima do Lugar

22. En que década se produce o descubrimento da tumba de Santiago o Maior?

- A) 800-810
- B) 810-820
- C) 820-830
- D) 830-840

23. Un produto turístico é unha combinación de elementos tanxibles e intanxibles. É un elemento intanxible:

- A) As infraestruturas básicas do territorio.
- B) Materia prima do produto
- C) Servizos
- D) Recursos turísticos do entorno

24. En que libre do Códice Calixtino se describen os camiños de Santiago en Francia e en España, a ruta creada entre os séculos X e XII para chegar a Compostela?

- A) Libro IV
- B) Libro III
- C) Libro II
- D) Libro V

25. O transporte colectivo urbano de viaxeiros debe prestarse obrigatoriamente nos concellos de máis de:

- A) 5.000 habitantes.
- B) 10.000 habitantes
- C) 20.000 habitantes.
- D) 50.000 habitantes

26. O exercicio de postestades administrativas vinculadas a protección das empresas turísticas legalmente constituídas e a defensa da súa actividade fronte ao intrusismo corresponde a:

- A) Xunta de Galicia
- B) Deputación Provincial
- C) Concellos
- D) Mancomunidades.

27. Unha característica da demanda turística sería:

- A) Elasticidade
- B) Estacionalidade
- C) Universalidade
- D) Todas son correctas.

28. Que tipo de turismo se basea no patrimonio arqueolóxico e natural:

- A) Turismo gastronómico

- B) Turismo cultural
- C) Turismo de aventura
- D) Ningunha é correcta

29. Os bens e servizos que permiten a actividade turística constitúen:

- A) Patrimonio turístico
- B) Recurso turístico
- C) Destino turístico
- D) Demanda turística

30. Os obxectivos da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia son coincidentes cos perseguidos polo:

- A) Tratado de París
- B) Tratado de Roma
- C) Tratado de Londres
- D) Tratato de Lisboa

**PREGUNTAS RESERVA:**

1. Cal das seguintes atribucións non pode delegar o alcalde nun tenente de alcalde?

- A) Representar ao Concello
- B) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- C) A aprobación de proxectos de urbanización.
- D) Dirixir o goberno e a administración municipal.

2. A Fervenza das Horas atópase na parroquia de...

- A) Dombodán
- B) Viñós
- C) Tronceda
- D) Brandeso

3. A lei 7/2011 de Turismo de Galicia márcase como obxectivo a profesionalización do sector. En que título fai referencia ás profesións turísticas?

- A) Título II
- B) Título III
- C) Título V
- D) Título VI

**RESPOSTAS CORRECTAS**

1 C	11 D	21 D
2 B	12 D	22 C
3 C	13 D	23 C
4 C	14 C	24 D
5 C	15 C	25 D
6 A	16 B	26 A
7 C	17 C	27 D
8 B	18 B	28 B
9 C	19 D	29 B
10 B	20 A	30 D

**RESPOSTAS PREGUNTAS RESERVA:**

- 1 D
- 2 A
- 3 D

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

N.º rexistro entrada	Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico
1587	María García Pérez	21
1596	María Selene Trillo Díaz	NP
1623	M. <sup>a</sup> del Rosario Canicoba Castro	NP
1624	Emma Fernández Coloret	NP
1661	Fernando Carballal López-Ventura	NP
1662	Paula de Llano Tenjido	9
1674	Laura Valiela Alvarez.	NP
1675	Pablo Cervantes Casanova	19,5
1682	Raquel Sexto Rey	13,75
1685	Cristina Vázquez Casal	NP
1724	María Laiño Vázquez	NP
1725	David Fernández Antunes	NP
1735	M. <sup>a</sup> Camino Martín Vilda	NP
1769	Ana Balado Figueroa	NP
1770	Patricia Merino Mouriño	16,75
1812	Lorena García Novoa	11,25
1813	Victor Gómez Picallos	NP

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse - por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora con dereito a voto- os seguintes acordos:

**Primeiro:** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos seis aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da fase de oposición.

**Segundo:** Facer saber aos tres aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

**Terceiro:** Convocar aos restantes tres aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **28 de xuño** (mércores) as **10.00 horas**, no Salón de Comisións da Casa do Concello sita na rúa Santiago, n.º 2 de Arzúa; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 11,25 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisión, dou fe.